



Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

Anuncio de aprobación do padrón da taxa pola utilización dos servizos da escola infantil municipal de maio de 2026.

Mediante resolución de alcaldía de data 24 de xullo de 2026 aprobouse o padrón do servizo da escola infantil municipal de maio de 2026.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns e expóñense ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o 27 de xullo de 2026 ao 28 de setembro de 2026.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e debeñaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Brión, na data da sinatura dixital
O alcalde